

ACTA COMISIÓN DE CALIDADE

Sesión do 16 de novembro de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnenos os membros da Comisión de Calidade, o luns 16 de novembro de 2015, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (16 de xullo de 2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Debate e aprobación, se procede, dos Informes de seguimento do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e do Grao en Xeografía e Historia**
- 4. Debate e inicio de elaboración do Informe de revisión pola dirección (DE-03 P1 Anexo 1)**
- 5. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (16 de xullo de 2015)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a ausencia de: María López (motivos familiares), Xulio Rodríguez, Marta López (motivos laborais), Arturo Real (motivos laborais), Antonio Presedo (obrigas académicas) e Pablo Sánchez.
- Informa que houbo 37 matrículas en 1º de grao fronte ás 39 do curso pasado, co que baixamos en dúas matrículas. Destas 37 matrículas, 16 son da modalidade semipresencial, co que a aposta pola semipresencialidade funcionou e permite manter un número digno de matrículas de novo ingreso. Resulta evidente que hai que seguir traballando nesta modalidade.

Entre as accións enfocadas á semipresencialidade convocouse ao estudantado a unha titoría presencial. Aínda que houbo pouca asistencia, recolléronse suxestións dos presentes que xa foron transmitidas ao profesorado de 1º curso: subir á plataforma un modelo de exame de cada materia; incluír preguntas tipo test na plataforma moodle sobre temas ou bloques temáticos. Dun xeito especial incidiron na importancia de acudir a algunha titoría presencial co profesorado.

- Comenta a decana que o 12 de novembro saíu publicado un decreto da Xunta relativo ao número mínimo de estudantes de novo ingreso (45 no grao de campus periféricos/50 nos campus centrais e de 20 no máster). A continuación indícase que se non se acadan os números mencionados o título non se pode impartir para o curso académico seguinte. Comentado o tema co Vicerreitor do campus e coa Vicerreitora de Profesorado explícanlle que a non impartición afecta só aos máster e que o plan de viabilidade do grao en Xeografía e Historia seguirá adiante.
- O proxecto do equipo decanal, pois, continúa no plan de difusión e publicidade do título. Estamos a contactar coa empresa Xeitura para a difusión do grao entre o alumnado de bacharelato dos institutos de Ourense capital e os máis importantes da provincia.
- Informa da posta en marcha do Seminario de investigadores nun espazo cedido pola vicerreitoría. Está ubicado no soto do Edificio de Ferro.
- A Unidade Técnica comunicou que se vai a proceder á electrificación da aula 0.5. O inicio da obra está previsto para o 14 de decembro e se espera que dure 2 semanas.

3. Debate e aprobación, se procede, dos Informes de seguimento do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e do Grao en Xeografía e Historia

A decana expón os cambios que se realizaron nos presentes informes con respecto aos do curso pasado. O proceso resultou nalgúns apartados máis sinxelo, pero o necesario baleirado do Plan de Acción de Melloras nunha folla Excel, retrasou a súa elaboración. Outro inconvinte, que a longo prazo será positivo, foi a coincidencia entre a unificación dos indicadores da UVigo coa elaboración destes informes. Así mesmo hai un apartado, relativo ao Informe da Dirección do que se falará no seguinte punto que substitúe ao antigo Informe de Resultados que aínda queda pendente, esta circunstancia notificouse a Área de Calidade. Outro asunto pendente, xa que estamos a punto de presentar a nova web da Facultade, será a actualización dos links. Ambas accións recolleranse no Informe de Seguimento definitivo, que deberá estar aprobado no prazo duns 15 días.

Tras un debate sobre ambos informes, apróbanse por unanimidade.

4. Debate e inicio de elaboración do Informe de revisión pola dirección (DE-03 P1 Anexo 1)

Como xa se mencionou o Informe de revisión pola dirección substitúe ao antigo Informe de resultados anuais. Recentemente a Área de Calidade da UVigo realizou un curso no que se explicou o procedemento para a súa elaboración. O obxectivo é redactalo aproximadamente nos vindeiros 15 días para deste xeito, incluílo no Informe de seguimento definitivo. Para a elaboración deste documento consultaremos a esta Comisión de Calidade, xa que a intención é que o produto final sexa froito da reflexión conxunta. Como se trata dun procedemento novo, a decana pensa que primeiro Antonio Presedo e ela, aprehenderán o documento, para logo poder transmitir o debate que temos que emprender e a súa elaboración.

5. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.10 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



M Carmen Arribas Álvarez

COMISIÓN DE CALIDADE

ORDINARIA
16/11/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
COMENDADOR REY, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
	SI

DÍAZ ALONSO, XOEL
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
LÓPEZ LÓPEZ, MARTA
MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, TANIA
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBORDA MORILLO, SUSANA
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, JULIO
SÁNCHEZ FERRO, PABLO
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

	NO
SI	
	SI
	SI
SI	
	SI
SI	
	SI
	SI
SI	
SI	